

PREMIO NARRATIVA BREVE REPSOL YPF 2007

Repsol YPF en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, no desexo de contribuir ao desenvolvemento da literatura galega, convoca a segunda edición do PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL YPF, de acordo coas seguintes

Bases

1. A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, agás o ganador/a da edición anterior, cunha obra escrita en lingua galega, consonte a normativa establecida pola Real Academia Galega.
2. As obras que serán orixinais e inéditas, terán unha extensión non inferior a 50 folios nin superior a 120.
3. Os orixinais, que se presentarán encadernados e por sexuplicado, estarán mecanografiados a dobre espazo, a razón de 32 liñas de 70 caracteres aproximadamente. En cada un deles figurará o título da obra e o lema da mesma. Ademais, achegarase un sobre pechado no que figurará o devandito lema e, no seu interior, nome, enderezo e teléfono do autor ou da autora.
4. As obras enviaranse antes do 16 de xuño de 2007, facendo constar no sobre PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL YPF, ao seguinte enderezo:
Complexo Industrial Repsol YPF
Apartado-700
15080 A Coruña
5. Estabécese un único premio, dotado con 6.000 euros. Esta cantidade estará suxeita a retención a conta do IRPF que legalmente corresponda.
6. O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que as obras presentadas non reúnen a calidade suficiente.
7. A conta do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto ganador. A obra premiada será publicada por Editorial Galaxia, a quen corresponden os dereitos de edición en galego. En todas as edicións que se realicen farase constar o nome de Premio de Narrativa Breve Repsol YPF 2007.
8. O xurado estará composto por persoas de reconecido prestixio e será nomeado por Repsol YPF e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia en colaboración coa Real Academia Galega, a Editorial Galaxia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Galega de Editores.
A súa decisión será inapelable e farase pública no mes de setembro do presente ano 2007.
9. A entrega do premio terá lugar, no decurso dun acto público que se celebrará na cidade da Coruña.
10. A non ser por razóns de forza maior, a persoa ganhadora deberá estar presente no acto de entrega do premio.
11. Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os autores ou autoras o soliciten por escrito, no prazo máximo de dous meses, a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren serán destruídos.
12. Nos aspectos non contemplados nestas bases ou naqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, a decisión corresponde ás entidades organizadoras quen, unha vez consultados os membros do xurado, emitirán fallo que será inapelable.
13. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das presentes bases.

A Coruña, 18 de abril de 2007



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

